

Igrexa de Santa María de Couso de Limia

O estilo arquitectónico románico

O románico representa un dos estilos artísticos máis identificados coa historia constructiva da Limia. Prolifera na segunda metade do século XII e primeiras décadas do século XIII. En xeral son sinxelas construcións, de nave e ábsida única segundo a tónica xeral da arquitectura rural de cada momento histórico.

Hay unha serie de características comúns a todas as igrexas románicas si seguimos os estudos de Yzquierdo Perrín citado por a historia Barriocanal: ornamentación xeométrica, labra dura en dous planos que recobren as arquivoltas, habitualmente con bocel na aresta, os motivos de lazará lembran composicións prehistóricas, frecuencia de apuntamento nos arcos e falta de tímpano. También hai algunhas con vinculacións artísticas con Portugal.

Un tipo de igrexas románicas curiosas son as que conteñen portas formadas por arquivoltas de medio punto, carentes de tímpanos. Un bó exponente de este tipo de igrexas é a de Santa María de Couso de Limia (Sandiás) que contén unha ornamentación predominante de motivos de dentes de serra nas impostas e chambrana, mentres que nos capiteis locen motivos vexetais e algún zoomórfico.

A igrexa de Santa María de Couso

De época altomedieval e idade moderna (XVI-XVIII). Nela distínguense rápidamente dúas etapas constructivas: a máis antiga románica do século XII e a correspondente a idade moderna (século XVII). Prácticamente ao carón da igrexa atópase derruída a reitoral e preto un cruceiro.

Non se dispón de documentación da etapa románica. As primeiras información que nos transmiten os libros parroquiais acerca do templo datan do século XVII (época moderna).

Hacia os anos setenta contratan os feligreses dous retablos colaterais da igrexa (libro 35.3.3; fol. 78 citado no catálogo da Limia), cos que houbo problemas pola pintura o que indignou ó bispo Ros Medrano que multou ós feligreses e ó abade cunha cantidade de quinientos reais.

En 1695 nas contas dos libros parroquiais (libro 35.3.3; fol.39, citado catálogo Alta Limia), aparece a cantidade cobrada pola obra da pintura e o nome do pintor. Parece que executou a obra Antonio Gómez, vecino da “vila de “Cavon”.

Tamén consta na documentación a feitura dun altar colateral na honra do Santo Cristo e de San Roque (libro 35.3.4; fol. 162.163, citado Catálogo Alta Limia) e que correu a cargo do mestre canteiro Pedro Fraguas (1810). Tres anos máis tarde faise o altar pétreo da Nosa Señora do Rosario que correu a cargo de P. Fraguas por 320 reais e a pintura executada por Antonio Carlos, veciño de “Rede Molinos” (Libro 35.3.3; folios 156-157 citados Catálogo Alta Limia).

A comezos do século XIX encárgase para o addro da igrexa un osario que seguramente sexa o que actualmente está emplazado ao pé da porta sur de entrada a igrexa. Consérvase a carta de pago do canteiro que o fixo (Libro 35.3.4; fol. 158-159 citados Catálogo Alta Limia): “ (...) *Recivi yo Peddro fraguas Maestro de Cantería la cantidad de trescientos treinta y nueve reales que tuvo en todo su coste el osario que hice con mis oficiales en el atrio de la Yglesia de Santa María de couso de limia, cuia cantidad entrego Don Jose Luis Garcia Veira actual abad de ella y firmo por verdad lo firmo en la dicha parroquia a 29 de abril año 1817 (...)*”.

Finalmente decir que durante anos houbo desorden no libro de contas da igrexa, o que queda reflectivo no mesmo, feito que fái máis difícil seguir a evolución das obras do templo.

FONTES:

- Yolanda Barriocanal; “Arquitectura relixiosa da Limia” en Xulio Rodríguez (ED.); Patrimonio da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio. Edición Xunta de Galicia-Barrié de la Maza-Grupo Marcelo Macías, 2013, p. 310-313.
- <http://patrimoniogalego.net/index.php/3811/2011/08/igreja-de-santa-maria-de-couso-de-limia/>
- <http://www.altalimia.org/pdf/050008.pdf>

